

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR

CURSO: 2019-2020

MATERIAS: Ciencias da Natureza

NIVEL: 5º PRIMARIA

DATA: 6 MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ol style="list-style-type: none">1. Mostrar interese e participar nas tarefas propostas polo mestre.2. Indagar e buscar materiais e información a través dos medios dispoñibles.3. Elaborar recursos empregando as canles dixitais.4. Entregar a tempo as actividades propostas polo mestre da materia ou titor.	<ol style="list-style-type: none">1. Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.2. Mostra interese na elaboración das tarefas asignadas polo mestre da materia.3. Mostra comprensión de textos escritos relacionados cos contidos presentados.4. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.5. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Realización de actividades nas plataformas virtuais Edmodo e Google Classroom onde contestarán exercicios: tipo test, de resposta única, verdadeiro ou falso, de resposta elaborada, de comprensión de textos, comprensión dun vídeo, etc.
	Instrumentos: Libro de texto en pdf, fichas, ordenador, tableta ou teléfono móbil e conexión á internet para a realización das actividades elaboradas polo mestre da materia.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Farase a nota media da primeira e segunda avaliacións e sumaráselle +1 punto a esta sempre que: a) O alumnado do grupo clase se mostre activo e participativo na realización e entrega de máis do 85% das actividades dixitais enviadas para a súa realización e entregas. b) De non acadar esta porcentaxe de entregas , a nota final da 3ª avaliación será a conseguida tras facer a nota media da primeira e segunda avaliacións.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	O mestre levará a cabo actividades dixitais na aula virtual de Google Classroom e a plataforma Edmodo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Primeiramente, debemos dicir que a totalidade do noso alumnado ten conexión á internet. Debido a esta situación extraordinaria, vémonos na obriga de levar a cabo unha metodoloxía individual onde desenvolveremos diferentes tipo de actividades que serán principalmente de repaso, reforzo e ampliación, sempre adecuadas á situación e ao nivel(curso-idade) do alumnado. Estes exercicios son expostos en aulas virtuais, publicados e marcados con data límite de entrega, para unha futura corrección dos mesmos que se lles é entregada aos alumnos para que vexan onde cometeron os erros e podan aprender dos mesmos.
Materiais e recursos	Libro de texto en pdf, fichas, ordenador, tableta, móbil e conexión á internet.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

O mestre ponse en contacto co alumnado e familias a través de diferentes vías: **correo electrónico, Whatsapp, Edmodo, Google Classroom ou teléfono móbil.**
A comunidade está informada, en todo momento, das actividades que imos realizar así como de onde e como deberán de ser feitas.
Se xurdise algunha dúbida ou problema, esta ou este sería resolvido despois dunha chamada telefónica, unha mensaxe ou o estipulado entre ambas as dúas partes.

Publicidade

Información publicada na páxina web do centro:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarmandocotarelo/>